

"No 2007 cumprírase o 25 aniversario"

Oito alumnos forman o consello de redacción da revista do Seminario, cunha tirada de 450 exemplares

SUSANA L. MONTES

■ "O fíxilo non é comezar senón darlle continuidade". Eso foi o que lle dixo o bispo Miguel Ángel Araújo aos integrantes do consello de redacción da revista *Amencer*, que se edita no Seminario *Santa Catalina* de Mondoñedo, cando lle presentaron o primeiro número. Corría o mes de abril de 1982, como recorda Félix Villares, un dos coordinadores desta publicación, xunto con Rubén Rodríguez Prieto. Dáse a circunstancia ademais de que Villares, que foi o seu promotor, volta este ano á fronte da revista, da que cívico apartado desde o 99 polo seu cargo como vicario da diocese.

O mestre lembra esa data coma se fora

hoxe. "Xardía nunha clase de Galego de oitavo de EXB ao momento de EXB ao momento de EXB unha revista que se facía no colexio lucense de *As Gándaras* e xa propuxeron facer algo semellante", afirma. Para iso, decidiuse recuperar o nome doutra publicación que houbo no centro nas décadas dos 50 e 60, experimentos que se repetiron anos despois con *Trapeiro* e *El Sol*. Agora, *Amencer* está a piques de sacar o número 190. O primeiro vendíase a cinco pesetas para cubrir gastos, "e ata os que o facían tiñan que mercala", recorda Villares, aínda que a aportación de mil pesetas do bispo de entón deuilles folgos para seguir.

Ao principio, a súa periodicidade era mensual, desde o pasado curso é trimestral, e agora sairá con carácter bimestral,

con idea de que o futuro sexa mensual", asegura o seu coordinador, que recoñece que "dá bastante traballo, porque hai que dedicarlle moito tempo, e os rapaces cada vez teñen máis actividades". Aínda así, un 60 por cento do alumnado colabora coa edición desta revista, que está supervisada por un consello de redacción, que está formado por Anxo García Ferreiros, Aitor López Sánchez, Francisco López Rivas e Iván Romay Prieto, aos que se unen Adrián Amido Paz, como director; Celso Fernández Castro, subdirector; Erik Paz Salgado, redactor xefe, e Jonathan Caselas, responsable de publicidade.

Eles, que manteñen reunións periódicas,

deciden os contidos da publicación. No número de decembro, o primeiro do curso, comparte materia o Nadal e máis Ano Rosendiano.

De *Amencer* tiranse uns 450 exemplares e preto de 200 repátese por correo. Conta con importantes seccións fixas, coma *A carón do lume*, onde se recolle a literatura popular de tradición oral de

toda a bisbarra, e que deu pé no 99 á publicación do libro recopilatorio. Á entrevista e ao humor únese *Os nosos pobos*, un espazo para falar das parroquias, e *Folias Novas*, de creación literaria dos alumnos. Outras seccións emblemáticas son *Os nosos escritores*, co repaso á vida e obra dos que pasaron polo Seminario, "unha nómina bastante ampla", e *Faise saber*, con novas cercanas.

No ano 1999 editouse un libro coa tradición oral recollida polos alumnos e que se publicou na sección 'A carón do Lume'



JOSE M. NUZ

Os integrantes do consello de redacción da revista posan nun patio do Seminario 'Santa Catalina' de Mondoñedo, onde se fai a publicación 'Amencer' desde o ano 1982

CURIOSIDADES

➤ '*Amencer*' tivo edicións especiais sobre Rosalía de Castro, cunha tirada de 500 exemplares, con tódalas portadas pintadas a man, sobre Trapeiro Pardo; Crecente Viejo, do que se publicou a obra inédita en castelán; Chao Lado; Cunqueiro, Noriega Varela ou Castela.

➤ Na revista colaborou xente tan destacada como Marina Mayoral ou Francisco Fernández del Riego.

➤ Para a súa publicación ten axudas da Xunta, a través de Política Lingüística, Deputación e Concello mirdonense.

A PÉ DE PÁXINA

CINE

A Uned proxecta en Foz 'La lengua de las mariposas'

■ O salón de actos do IES de Foz acollará mañá a proxección da película *La lengua de las mariposas*, dentro do cine forum organizado pola Uned para a recuperación da memoria histórica, e no que se aborda o conflito da Guerra Civil española. O filme pasará a partir das sete da tarde, aínda que previamente haberá unha introdución do contexto histórico, neste caso o ano 36, antes e durante o estopido da contenda bélica, e finalizará cun coloquio.

EBANISTERÍA

O delegado de Traballo clausura un curso en Xove

■ O delegado provincial da Consellería de Traballo en Lugo, Miguel Vázquez Calvo, acode hoxe ó concello de Xove para clausurar o curso de ebanista impartido polo Centro de Formación Ocupacional de Viveiro, o cal foi financiado pola propia consellería e destinouse a desempregados da zona. A formación levouse a cabo durante o outono nas aulas do antigo colexio de Palmeiro. O acto terá lugar á unha e media do mediodía na casa consistorial da localidade.

NADAL

Un teólogo dá unha charla na igrexa de San Francisco o luns

■ O licenciado en Teoloxía Fernando Porta de la Encina ofrecerá o vindeiro luns, día 18, a partir das oito e media da tarde, unha conferencia baixo o título *Preparando o Nadal*. A charla terá lugar na igrexa parroquial de Santiago-San Francisco da cidade do Landro. O día seguinte, martes 19, a celebración dun acto penitencial. A actividade ten cabida dentro dos actos previos que organiza a parroquia vivieiros antes das festas do Nadal.

CHARLA

UU.AA informa ós gandeiros sobre a situación do sector

■ Unións Agrarias organiza hoxe, ás sete da tarde no salón de actos do edificio sindical de Viveiro, unha charla cos gandeiros de carne do sector e da necesidade de medidas. Ademais, a organización ten previsto convocar ós asistentes a unha manifestación este sábado en Santiago de Compostela para demandar solucións para a crise e os problemas do agro. O colectivo critica que coa nova Xunta tampouco se producidos melloras.

SUBVENCIÓN

Vicepresidencia dá axudas para dúas áreas de xogos

■ O rexedor viveirés, o socialista Melchor Roel Rivas, suscribiu xa o convenio coa Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta para contar con dúas subvencións para a creación de sendas áreas recreativas de xogos infantís. Estas zonas ubicaríanse en Lavandeiros (Celeiro) e nos xardíns do edificio Parquearm de Covas. O departamento autonómico, que dirixe Anxo Quintana, aporta 12.000 euros para cada unha e o Concello unha cantidade similar.